- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

34.- VAO PERMANENTE – C.P. Edificio Castelao

Visto o escrito presentado por Rubén Rodríguez Valeiras en representación de **C.P. Edificio Castelao**, de data 10/07/2023 (Rexistro de entrada nº 16.696), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Lagarto, nº 1 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/07/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a C.P. Edificio Castelao**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Lagarto, nº 1 (Aguíño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

35.- VAO PERMANENTE – Juan Francisco Santamaría Orellán

Visto o escrito presentado por **Juan Francisco Santamaría Orellán**, de data 19/05/2023 (Rexistro de entrada nº 12.278), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 78 B (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/07/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Juan Francisco Santamaría Orellán**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 78 B (Aguíño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.



- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

36.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN) – José Francisco Gude García

Visto o escrito presentado por **José Francisco Gude García**, de data 27/06/2023 (Registro de entrada nº 15.725), no que solicita a ampliación de liña amarela (5,00 m. total) do vao permanente nº 2/10 situado en Rúa Mendiño, nº 3 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 21/07/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a José Francisco Gude García**, autorización para a ampliación de liña amarela (5,00 m. total) do vao permanente nº 2/10 situado en Rúa Mendiño, nº 3 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- O metro engadido deberá pintarse no lado esquerdo. Todo elo sen perxuízo das correspondientes taxas municipais en base á ordenanza fiscal reguladora de taxas sobre vaos permanentes. É necesario o cambio da praca de vao onde figure actualizado o total de 5 metros de reserva, e o pintado da ampliación en sinalización horizontal mediante a liña amarela.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

37.- ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO: INFANTIL E XUVENIL CURSO 2023 - 2024

Vista a proposta da Alcaldía na que expón

“A concellería de Cultura de Ribeira ten interese en continuar o vindeiro curso coa Escola Municipal de Teatro na categoría infantil, dirixida a nenas e nenos de 7 a 12 anos de idade. Ademais, quérese impulsar tamén unha categoría xuvenil, dirixida a mozos e mozas de 13 a 17 anos dado o interese e demanda que existe por parte da mocidade.

Esta actividade persegue, entre outros obxectivos, fomentar e potenciar a creatividade, favorecer a convivencia, a socialización e tamén estimular o interese pola nosa lingua e cultura, sendo unha oportunidade idónea para espertar nos máis cativos e a mocidade as súas aptitudes artísticas, creativas e sociais conseguindo coa educación teatral temperá maior capacidade de comunicación.

*Co fin de poder abrir un período de preinscrición para esta actividade, **proponse a aprobación dunha normativa de admisión así como do prezo público de matrícula** que deberán aboar os participantes – a través da modalidade de autoliquidación- unha vez confirmada a súa reserva de praza correspondente, no período que se estableza e achegando a documentación requirida.*

- **Calendario da escola na categoría infantil:**
Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2023 (previsiblemente o 21/09/22)
Data de remate: Primeira semana de xuño de 2024



Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 Horario: 18.30 a 20.00 horas; 1 día/semana (xoves)
 Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 7 e 12 anos.

• **Calendario da escola na categoría xuvenil:**

Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2023 (previsiblemente o 21/09/22)
 Data de remate: Primeira semana de xuño de 2023
 Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 Horario: 19.00 a 20.30 horas; 1 día/semana (martes)
 Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 13 e 17 anos.

➤ **Prezo:**

O prezo a abonar polos participantes en ambas as dúas categorías será o establecido conforme as ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PUBLICOS. C. Ordenanzas reguladoras de prezos públicos. C.2 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS. Escola Municipal de Teatro: a) Matrícula ordinaria: **127,92 €**.

Ademais interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables para facilitar a participación nestas actividades, e de conformidade a Disposición Adicional da antedita ordenanza "Autorízase á Xunta de Goberno Local a modificar a contía do prezo público, regulada no artigo 3º desta Ordenanza" considérase que se debe aplicar unha bonificación e **proponse a aplicación dun desconto do 20% sobre o importe de matrícula (resultando un prezo de 102,34€ para estes colectivos) aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):**

- Familias que teñan a condición de FAMILIA NUMEROSA (acreditado documentalmente co TÍTULO correspondente).
- Familias acolledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscritos/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).
- Familias nas que o propio participante acredite unha DISCAPACIDADE DE AO MENOS O 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

➤ **Admisión de participantes con diversidade funcional:**

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.



- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

➤ **Prazos de presentación de solicitudes:**

Por conseguinte temos interese en abrir o prazo de matriculación en dúas quendas, segundo o seguinte calendario:

- **Do 4 ao 13 de agosto de 2023 para renovación dos alumnos/as que estiveron matriculados neste último curso (2022/2023).**
- **Do 17 ao 28 de agosto de 2023 para novas inscricións tanto na categoría infantil como xuvenil (só no caso de existir vacantes- informarase desta circunstancia xunto coa listaxe de admitidos da renovación: o 16 de agosto).**

As solicitudes faranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9:00 h. a 14:00 h.) presentando a ficha de inscrición cuberta, folia de autorización e a copia do DNI do participante e do pai/nai/titor.
- De forma telemática (necesario certificado dixital) a través da web www.ribeira.gal: a partir das 9:00 h do día 4 de agosto a renovación e do 17 de agosto para as novas inscricións. Deberase tramitar a solicitude de carácter xeral no apartado –SEDE ELECTRÓNICA-TRÁMITES DESTACADOS – SOLICITUDE XENÉRICA e xuntar a ese procedemento a ficha de inscrición cuberta, folia de autorización asinada así como copia do DNI do participante e do DNI do pai/nai/titor.

As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro. A Concellería de Cultura contactará cos e coas solicitantes para comunicarlle a súa admisión e estes terán un prazo de 5 días hábiles para realizar a autoliquidación do prezo público a través de www.ribeira.gal.

Documentación OBRIGATORIA necesaria para a realizar a solicitude:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I)
- DNI ou folia do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do pai/nai/titor responsable.
- Se ten dereito a bonificación do prezo da matrícula deberá presentar ademais copia da documentación acreditativa: título de familia numerosa, certificación de familia acolledora, certificación de discapacidade, certificación de monoparentalidade, acreditación de desemprego de longa duración, etc.

Listaxes de admisión:

Para o alumnado de renovación de praza a listaxe de admisión publicarase o 16 de agosto, indicando nesa mesma listaxe as vacantes dispoñibles. As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro.

Para o alumnado de nova inscrición a listaxe de admisión publicarase o 30 de agosto. As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro.

Prazos e formas de pago:

Unha vez publicadas as listaxes de admisión (para renovación ou nova inscrición segundo o caso), as persoas admitidas terán que realizar a autoliquidación do prezo público a través de www.ribeira.gal e enviar copia do xustificante ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal nos seguintes prazos:

- **Para o alumnado de renovación de praza: do 16 ao 25 de agosto (ambos incluídos).**
- **Para o alumnado de nova inscrición: do 30 de agosto ao 5 de setembro (ambos incluídos).**



Para realizar a autoliquidación deberase entrar na web municipal www.ribeira.gal, no apartado **SEDE ELECTRÓNICA-RECIBOS E IMPOSTOS- AUTOLIQUIDACIÓN AVANZADAS**, e cubrir os datos que se requiren para o **“TRIBUTU: PREZO PÚBLICO ESCOLAS DE TEATRO E BALLET”** seleccionando os apartados **“TEATRO – MATRÍCULA ORDINARIA”**, bonificación SI ou NON. O pago poderá facerse directamente a través da opción **PAGAR ONLINE** ou **IMPRIMIR RECIBO** e facer o pago na sucursal bancaria ou no seu caixeiro. Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1. **Convocar unha nova edición da Escola Infantil Municipal de Teatro nas categorías infantil e xuvenil.**
2. **Aprobar os prazos de preinscrición-matrícula.**
3. **Aprobar a normativa de admisión e dos prezos públicos indicados.**

38.- COMUNICACIÓN EXTINCIÓN RENDA SOCIAL MUNICIPAL (DACIÓN DE CONTA)

A traballadora social, colexiada nº 500 responsable do expediente de **Renda Social Municipal** de M.E.R.O.

COMUNICA

A Extinción da prestación que foi concedida no seu día por seis meses, con ampliación a uns meses máis segundo valoración da situación e os ingresos da unidade de convivencia. Actualmente os recursos económicos da unidade familiar formada por M.E.R.O. máis a súa filla A., superan o límite establecido para a concesión da Renda social municipal. A súa filla desenvolve actividade laboral, máis sigue a percibir a pensión alimenticia por sentenza xudicial.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Ricardo Fernández Lorenzo

VISTO o escrito presentado por **Ricardo Fernández Lorenzo**, en representación do establecemento “Restaurante Airoa”, de data 21/07/2023 (Rexistro de entrada nº 17.554), no que solicita permiso para eventos musicais no exterior do establecemento hostaleiro “Restaurante Airoa” (Ribeira), os días 12, 19, 26 de agosto de 2023, e 2 de setembro de 2023, en horario de 12:00 h. a 15:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Ricardo Fernández Lorenzo**, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Restaurante Airoa” (Ribeira), os días 12, 19, 26 de agosto de 2023, e 2 de setembro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:



“(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de “Restaurante Airoa” (Ribeira) (**Ricardo Fernández Lorenzo**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos



como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

40.- EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIBEIRA)

CLAVE: OPC 39/06-2023



Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Escrito da Demarcación de Costas en Galicia, de data 20 de xuño de 2023 (escrito con data do 4 de xullo de 2023, entrada núm. 16.216), mediante o que se solicitan informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do *Regulamento Xeral de Costas*, aprobado mediante o *Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro*, en relación cunha solicitude efectuada pola Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca nas praias de Couso, Castiñeiras, Mosqueiros e Coroso, T.M. de Ribeira. Acompáñase de copia da solicitude efectuada por José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, de data 9 de xuño de 2023.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** remitir á Demarcación de Costas en Galicia informe do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 04/07/2023, que a continuación se transcribe:

INFORME

Examinada a documentación presentada, fago as seguintes apreciacións:

- O sistema de extracción da area é manual e o realiza o armador ou algún tripulante das embarcacións relacionadas (tripulacións de 1 ou 2 persoas).
- As zonas onde se realiza a extracción, máis habitualmente, son as praias de Couso, Castiñeiras, Mosqueiros e Coroso, en función das condicións que presente a area ese día, pois ten que ser grosa e estar limpa, e nalgúns praias esas condicións danse en baixamar.
- Na extracción non intervéñen ningún vehículo, é manual. A cantidade que precisan é de 100 a 125 Kg/mes.
- A area usada vértese posteriormente ao mar.
- As localizacións onde se realizarán as extraccións de area están incluídas integramente en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Espazos naturais protexidos e plans de conservación.

Efectuada consulta no visor de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, estes son os resultados obtidos ao cargar as capas correspondentes a: Rede Natura 2000, Rede Galega de Espazos Protexidos e Biodiversidade para as zonas das praias obxecto de actuación:

Couso

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Couso	POTENCIAL	NON	593.414516	0.611827	SI	SI

Castiñeiras

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Castiñeiras	POTENCIAL	NON	1027.264113	1.274648	SI	SI

Mosqueiros



Coroso

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Coroso	PRESENCIA	NON	2997.111431	11.370522	SI	NON

Non se prevé efectuar extracción en espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Biodiversidade. Algunhas das praias están incluídas no ámbito de aplicación do *Plan de Conservación da Píllara das Dunas dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia*.

Ao respecto das determinacións e normas previstas no Plan cómpre salientar o seguinte:

<i>Plan de conservación da píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro</i>	
Artigo 9. Normas xerais	Observacións
1. En todos aqueles territorios de Galicia incluídos na zonificación da píllara das dunas serán de aplicación, con carácter xeral as seguintes normas:	
a) No marco de aplicación do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, os proxectos de ordenación e restauración ambiental ou paisaxística realízanse conforme os principios e normas establecidos neste decreto e respectarán os requirimentos ecolóxicos da píllara das dunas e a conservación do seu hábitat.	Non procede
b) Tanto os proxectos como os plans e programas comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cando poidan afectar o hábitat da píllara das dunas, deberán avaliar os seus efectos sobre esta especie e garantir a conservación da súa poboación.	Non procede
2. Previamente á autorización das seguintes actividades, deberá avaliarse o seu posible impacto sobre a píllara das dunas:	
a) O novo trazado ou modificación de estradas, pistas, camiños ou carreiros que poidan afectar o hábitat da píllara das dunas.	Non procede
b) Os instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como calquera modificación deles con efectos ambientais.	Non procede
Artigo 10. Normas específicas para a área de presenza	Observacións
1. Nas zonas de presenza en período reprodutivo pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos adoptaranse medidas de xestión específicas respecto ao tránsito e acceso aos respectivos frontes de praia. Na definición destas medidas evitárase a apertura de novos accesos a áreas prioritarias e teranse en conta os accesos recomendados establecidos no anexo V.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos
2. Nas zonas de presenza en período reprodutivo non se permite a presenza de animais libres do ámbito de aplicación da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e as persoas portadoras de animais atados serán responsables de que non produzan molestias ás aves.	Non procede
3. O tránsito con cabalos e a práctica do kite buggy están, así mesmo, prohibidos, salvo autorización específica do órgano competente en materia de conservación da natureza que garanta a non interferencia coa especie.	Non procede



4. A autorización por parte das administracións estatal, autonómica e local de actividades <u>deportivas, culturais e turísticas organizadas</u> que impliquen aglomeracións de persoas ou perturbacións non habituais na praia debe de avaliar previamente a súa posible interacción coa especie e garantir que non é afectada.	Non procede
5. Nas zonas de presenza pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, con carácter xeral, non se permiten o aeromodelismo, ala delta con motor e actividades similares en todo o ciclo anual.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, e a actividade non é asimilable
6. Para a práctica do kitesurf deberánse respectar as limitacións e as canles establecidas en cada areal para montar as cometas e para a entrada e saída da auga que se establecen no anexo V. Non obstante, cando por causa de forza maior non se poida volver navegando á antedita zona ou en caso de ser necesario para salvaguardar a integridade física do deportista, poderase saír da auga en calquera punto da praia. Cando a saída se produza fóra das zonas establecidas para tal fin e as condicións de marea impidan volver camiñando pola beira a máis de 60 metros do cordón dunar, a persoa deberá recoller a cometa e camiñar con ela ata a zona delimitada.	Non procede

Regulación da área de presenza: anexo V do Plan de Conservación.

Areal	Natura 2000	Reproducción	Invernada	Accesos recomendados (artigo 10.1)	Limitacións e zonas para a práctica do kitesurf (artigo 10.5)
A Coruña	Coroso	X			Utilizárase a canle definida no anexo I entre 15/marzo e 15/xullo, permitíndose utilizar toda a fronte de praia o resto do ano.

CONCLUSIÓN

A actividade prevista non é obxecto de regulación no *Plan de conservación da pillara das dunas*. O impacto da mesma é pouco significativo e, atendendo aos datos dispoñibles, non afectaría ás zonas prioritarias de conservación da especie.

No ámbito de competencias municipais, dende o punto de vista da incidencia ambiental, informo de xeito favorable a solicitude presentada aos efectos da resolución que no seu día adopte a Demarcación de Costas en Galicia, nas condicións previstas na propia solicitude ao respecto da devolución de area unha vez finalizado o uso previsto.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.



41.- DACIÓN DE CONTA CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DO CICLO DE CONCERTOS NA FIN DO MUNDO NO FARO DE CORRUBEDO

Vista a **proposta** presentada por Luis A. Pérez Barral, Alcalde do Concello de Ribeira, de data 27/07/2023, na que expón:

Con data 16 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada, autorizar a celebración dos “Concertos na fin do mundo- Festival Mar Aberto” promovidos pola Axencia Galega de Turismo a través da entidade Jarabe Comunicación S.L. nos días 28 e 29 de xullo de 2023 así como a colaboración do Concello de Ribeira nos seguintes termos:

- Zona reservada lanzadeira, para un bus lanzadeira preto ao parking disuasorio.
- Corte de tráfico rodado no tramo do faro, indicado en plano.
- Apoio de Protección Civil (8 membros, 2 para control de zona parking, 2 cortes de tráfico e 4 control aglomeracións no entorno do faro).
- Apoio de Policía local (1 patrulla para control de aglomeracións no entorno do faro).

Con data 27/07/2023 recíbese solicitude en nome de Jarabe Comunicación S.L. con número de entrada no Rexistro 202317723, informando de que por motivos da inestabilidade meteorolóxica para as datas iniciais aprazarán a celebración deste ciclo de concertos para os días **19 e 20 de agosto de 2023**, con data de montaxe o 18 de agosto e desmontaxe o 21 de agosto, para o cal solicitan nova autorización para as datas indicadas.

A entidade aporta ademais a autorización concedida pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía concedida para a celebración nas datas iniciais e indicando que está en tramitación tamén a autorización para a nova data.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

-Autorizar a Jarabe Comunicación, S.L. á realización deste ciclo de concertos “Concertos na fin do mundo- Festival Mar Aberto”.

-Autorizar a colaboración para este evento da Policía Local e Protección Civil, dando traslado deste acordo para o seu coñecemento.

42.- SOLICITUDE INSTALACIÓNS BADÉNS REDUTORES DE VELOCIDADE NA ESTRADA XERAL DP-7307 (AREEIROS –AGUIÑO) – José Luis Álvarez González

Visto o escrito presentado por **José Luis Álvarez González**, de data 28/06/2023 (Rexistro de entrada nº 15.879) no que solicita a instalación badéns redutores de velocidade na Estrada Xeral DP-7307, no tramo comprendido entre a rúa Paxariños e a rúa Castelaio (Areiros – Aguiño) por mor do grave risco na seguridade viaria.

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 14/07/2023, no que sinala:

**“JEFATURA DE LA POLICIA LOCAL DE RIBEIRA
JUNTA LOCAL DE GOBIERNO**

ASUNTO: *Solicitud de reductores de velocidad en la vía DP-7307, al paso por Areiros*

En relación con el escrito referente a la petición arriba referenciado en el tramo de la DP7307 a la altura del lugar del lugar de Areiros, parroquia de Castiñeiras, el oficial con



número profesional 239019 INFORMA

- Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación DP 7307 al paso por el lugar de Areeiros es, **Titularidad de la DIPUTACIÓN DE A CORUÑA**.
- Así en el artículo 139. 1 del Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo

Establece que corresponde al titular de la vía la responsabilidad de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales. También corresponde al titular de la vía la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado desta petición á Deputación Provincial da Coruña, entidade titular da Estrada Xeral DP-7307, para que proceda á tramitación da solicitude de referencia e sexan instalados os badéns reductores para evitar posibles riscos na seguridade vial de dita estrada.

43.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN DE LÍMITE DE VELOCIDADE, BADÉNS REDUCTORES DE VELOCIDADE E ESPELLOS DE TRÁFICO NA ESTRADA DP-7306 (CARREIRA – AGUIÑO) – Javier Fontaíña Falque

Visto o escrito presentado por **Javier Fontaíña Falque**, de data 06/06/2023 (Rexistro de entrada nº 13.720) no que solicita a instalación de sinalización de límite de velocidade, badéns reductores de velocidade e espellos de tráfico na estrada DP-7306, (Carreira – Aguiño) por mor do grave risco na seguridade viaria.

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 13/07/2023, no que sinala:

“JEFATURA DE LA POLICIA LOCAL DE RIBEIRA JUNTA LOCAL DE GOBIERNO

ASUNTO: Solicitud de señal de limite de velocidad 30km/h, reductores de velocidad y espejos de trafico en la via DP-7306

En relación con el escrito referente a la petición arriba referenciado en el tramo de la DP7306 a la altura del lugar de la Graña, el oficial con número profesional 239019 INFORMA

- Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación DP 7306 al paso por el lugar de A Graña, **Titularidad de la DIPUTACIÓN DE A CORUÑA**.
- Así en el artículo 139. 1 del Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo

Establece que corresponde al titular de la vía la responsabilidad de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales. También corresponde al titular de la vía la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado desta



petición á Deputación Provincial da Coruña, entidade titular da Estrada Xeral DP-7306, para que proceda á tramitación da solicitude de referencia e sexa instalada a sinalización de límite de velocidade, badéns redutores de velocidade e espellos de tráfico, para evitar posibles riscos na seguridade vial de dita estrada.

44.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE ESPELLO DE TRÁFICO NA RÚA XUNQUEIRA (AGUIÑO) – Ana Isabel Barreiro Rego

Visto o escrito presentado por **Ana Isabel Barreiro Rego**, de data 01/06/2023 (Rexistro de entrada nº 13.408), no que solicita, a petición veciñal, a instalación dun espello de tráfico na Xúa da Xunqueira (Aguíño), á altura do número 70, na intersección coa rúa Muralla, debido á pouca visibilidade.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 21/07/2023, que a continuación se transcribe:

“JEFATURA DE LA POLICIA LOCAL DE RIBEIRA

JUNTA LOCAL DE GOBIERNO

ASUNTO, solicitud de un espejo de trafico para calle Xunqueira de Aguiño

*En relación con el escrito arriba referenciado sobre la **solicitud del espejo de trafico** en la calle Xunqueira Nº 70 de Aguiño, se INFORMA.*

Que trasladado al lugar arriba mencionado y realizada la inspección ocular, indicar que el cruce de la calle xunqueira con la calle Muralla esta regulado por dos señales verticales de ceda el paso (R-1), de esta manera obliga a los conductores a ceder el paso en la próxima intersección a los vehículos que circulen por la via que se pretende incorporar.

Respetando esta señalización se garantiza una mayor seguridad para el trafico, y en este caso que nos ocupa el volumen de trafico no es tan intenso y la visibilidad tan reducida como para justificar la colocación del espejo de Trafico.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA denegar** a solicitude de referencia en base ao contido do informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local

(...)

“el cruce de la calle xunqueira con la calle Muralla esta regulado por dos señales verticales de ceda el paso (R-1), de esta manera obliga a los conductores a ceder el paso en la próxima intersección a los vehículos que circulen por la via que se pretende incorporar.

Respetando esta señalización se garantiza una mayor seguridad para el trafico, y en este caso que nos ocupa el volumen de trafico no es tan intenso y la visibilidad tan reducida como para justificar la colocación del espejo de Trafico.”

45.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE ESPELLO DE TRÁFICO NO CRUCE ENTRE A RÚA SAGRES E A RÚA VIONTA (AGUIÑO) – Ana Isabel Barreiro Rego

Visto o escrito presentado por **Ana Isabel Barreiro Rego**, de data 01/06/2023 (Rexistro de



entrada nº 13.407), no que solicita, a petición veciñal, a instalación dun espello de tráfico no cruce entre a rúa Sagres e a rúa Vionta (Aguíño), debido á pouca visibilidade.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 08/06/2023.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** que se proceda á instalación dun espello de tráfico no cruce entre a rúa Sagres e a rúa Vionta (Aguíño), xa que debido á configuración do terreo e á construción de vivendas a visibilidade vese comprometida, e sgundo o sinalado no citado informe policial.

46.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VERTICAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR EN LUGAR DE LOMBA (PALMEIRA) – Asesoría Beny García, S.L.

Neste punto abstense a concelleira Genoveva María *Betanzos Fernández* (Art. 76 Lei 7/85 RBRL)

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de **Asesoría Beny García, S.L.**, y a su vez de Com. Prop. Residencial Lomba de Palmeira; no que solicita a instalación de sinalización vertical de prohibido estacionar en lugar de Lomba (Palmeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 21/07/2023, e chegado a un acordo co presidente da comunidade de propietarios, Manuel Paisal, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao repintado de liña amarela na zona, como mellor solución para prohibir o estacionamento e así poder incorporarse á vía pública con seguridade para o tráfico, segundo o sinalado no citado informe policial.

47.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VERTICAL DE RÚA SEN SAÍDA EN RÚA VELLA (AGUIÑO) – Eva María Ayaso Santos

Visto o escrito presentado por **Eva María Ayaso Santos**, no que solicita a instalación de sinalización vertical de rúa sen saída na Rúa Vella (Aguíño).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 12/07/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación de sinalización vertical de rúa sen saída (S-15a) na Rúa Vella (Aguíño), segundo o sinalado no citado informe policial.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

